

PROXECTO “REDEIRAS”

REDES DE ALERTA VECIÑAL PARA O COIDADADO DAS PERSOAS MAIORES

Tendo en conta que nas cidades cada vez é máis frecuente a situación de soidade e illamento extremos nun sector de poboación moi vulnerable como é o das persoas maiores e que moitas veces derivan en situacións de graves consecuencias, dende o Concello da Coruña preténdese levar a cabo un programa piloto para a detección e atención destas situacións.

Trátase dun programa de prevención no que participa a veciñanza, o comercio, servizos e profesionais do barrio en colaboración co concello para establecer unha rede de apoio para as persoas maiores que lles permita seguir mantendo a súa residencia habitual e a relación coa súa comunidade.

- **A quen vai dirixido?**

Vai dirixido basicamente a persoas maiores que viven soas ou en compañía doutras persoas maiores en situación de dependencia.

- **Cal é o seu obxectivo?**

O obxectivo é que as persoas maiores que viven no barrio non padezan situacións de soidade que poden derivar nun risco grave de illamento de consecuencias negativas para a súa saúde ou mesmo para a súa vida.

- **Procedemento de actuación**

Para o éxito do programa, o procedemento de actuación sería sinxelo e áxil:

Partiría da detección inicial de situacións de soidade, que os lugares habituais onde se desenvolve a vida das persoas maiores (farmacia, tenda, panadería, praza, veciños e veciñas do edificio, da rúa, etc.) adopten unha conciencia de alerta para detectar estas situacións.

No seguinte nivel estaría o concello, que analizaría a situación de forma áxil e eficaz, activando os recursos sociais que foren precisos en cada caso e levando a cabo o seguimento continuo da persoa.

As e os profesionais cos que conta o concello para ao desenvolvemento do programa serían en primeiro termo as educadoras sociais da rede de centros en coordinación coas directoras dos centros, e o resto da rede de atención social no caso de ser necesario.

Rede de centros cívicos municipais: Labañou, Os Rosales, Os Mallos, Novoobandanza, Castrillón, Eirís, Palavea, Novo Mesoiro, Elviña, Monte Alto, Cidade Vella.

- **Como e a quen informar**



a) De tratarse de situacións de urxencia, ben por ocorrer algún feito grave ou sospeitar que a persoa está en situación grave ou de risco para a súa seguridade (p. ex. accidente), a información trasladaráselle á policía local.

A policía local poraa en coñecemento dos servizos sociais se for o caso.

b) Cando a situación da persoa non ten carácter de urxencia porque non se trata dun risco inminente, canalizarase a través do teléfono de información 010, no seu horario de atención ordinaria que vai desde as 8.00 h até as 21.00 h, agás na fin de semana.

O 010 trasladará a información ao centro de referencia:

- No 010 reciben a chamada da persoa informante, que indicará que chama para informar sobre o proxecto Redeiras. Neste contacto non se lle dará información ningunha sobre a persoa ou persas das que se quere informar.
- Só lle pedirán os datos de contacto (nome e teléfono) e indicaranlle o centro ao que lle pasarán a información que será quen estableza o contacto para ampliar a información.
- Trasladan a información á ou ao profesional ou centro cívico de referencia.
- Desde o centro cívico, o persoal técnico de referencia contacta telefonicamente coa persoa informante para recibir toda a información sobre a situación concreta da que queren informar e comézase a intervención desde os servizos sociais.

▪ **Que se fai desde os servizos sociais**

Unha vez que a información pasa aos servizos sociais, os equipos profesionais inician a intervención:

- Valoran a situación.
- Propoñen, de ser o caso, os recursos axeitados, tanto municipais: teleasistencia, talón restaurante, axuda no fogar, actividades de prevención, bonotaxi, grupos de autoaxuda, centro de día, comedor social, etc.; como doutras administracións e da rede de entidades sociais da cidade.
- Manteñen o seguimento da situación da persoa.
- Estudan posibles alternativas comunitarias que se poden desenvolver:

▪ **Quen forma parte da rede inicial de alerta**

Forman parte desta rede básica, ou de primeiro nivel de veciñanza, os establecementos que forman parte da rutina cotiá das persoas maiores do barrio. Estes espazos son os primeiros que teñen a información sobre os cambios significativos e as posibles situacións de risco.

Contaríamos con:

- Rede de farmacias
 - Rede de establecementos comerciais
 - Rede de AA. Veciñais
- Cada entidade informará os seus establecementos asociados.
 - Trasladaralle a Xustiza Social a listaxe dos que están interesados en formar parte da rede.



- A educadora e/ou directora do centro cívico do territorio pasará persoalmente polo establecemento para informar dos pormenores do proxecto e daquelas dúbidas que puideran ter xurdido e facilitarlles o logotipo identificador e material divulgativo de ser o caso.
- Todos os axentes do territorio que colaboren no programa serán visible no establecemento un logo que os identifique como tales.